- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público da superficie de 4,10 m² de parcela afectada por aliñacións** segundo informe emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira polo que deberá constituir una fianza para a construción de aceras na zona retranqueada da finca ata a aliñación oficial previa o simultaneamente coa construción da edificación. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 156,27 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de concesión da licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.






Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*





- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA.- LUIS VÁZQUEZ POSE

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Demolición parcial 14,15 m² de vivenda unifamiliar e reforma de vivenda unifamiliar e construción de anexo.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-B Residencial Extensiva Unifamiliar Illada, comprendida en zona de Servidume de protección do Dominio Público Marítimo Terrestre (a vivenda está na súa maior parte dentro da zona de servidume de protección, e outra o garaxe, que se ubicaría na súa totalidade fóra de dita zona de servidume).

REFª CATASTRAL: 15074A007008090000KA.

SITUACIÓN: Lugar de Insuela, Palmeira, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. Luis Vázquez Pose.

AUTOR/A PROXECTO: Sergio Lucio Paniccia.

PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de outubro de 2014 / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016 / Anexo aclaratorio do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016 consistentes en Plano AA-00, Plano AA-01 e Plano AA-02 modificados de febreiro de 2017 / Acordo de adose asinado na data 8 de marzo de 2017.


AUTORIZACIÓN SECTORIAL: Informe emitido pola Demarcación de Costas de Galicia en relación á demolición parcial de vivenda unifamiliar no lugar de Insuela, Riveira, asinado polo xefe de la Demarcación de Costas p.a. o xefe de Servizo de Xestión de Dominio Público Marítimo - Terrestre Ignacio Pardo de Vera Moreno / Resolución emitida polo Servizo de Urbanismo, Delegación Territorial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinado polo xefe de sección Jorge Veiga Lendoiro e pola xefa do servizo Helena Mosquera García / Declaración Responsable presentada ante Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Rexistrado de entrada da Xunta nº 19779 / 382842).


ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 31.449,60 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Sr. Luis Vázquez Pose, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 29 de outubro de 2014, (Rexistro de entrada nº 13.214), licenza de obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007008090000KA, achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016 redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia.





Segundo.- Posteriormente polo Sr. Luis Vázquez Pose, preséntase, en escrito rexistrado de entrada na data 12 de novembro de 2014, (Rexistro de entrada nº 13.815), copia da solicitude de autorización de actividades, obras, instalacións ou usos permitidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, presentado na Xunta de Galicia, rexistrado de entrada na data 12 de novembro de 2014, (Rex. Entrdada 2410 / 1343155).

Terceiro.- En escrito rexistrado de entrada no Concello de Riveira na data 26 de novembro de 2014, (Rexistro de entrada nº 14.481), (Rexistro de Saída Xunta de Galicia nº 127868 / Rx 1126323), recíbese no Concello informe desfavorable emitido polo Servizo de Urbanismo, Delegación Territorial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinado polo xefe de sección Jorge veiga Lendoiro.

Cuarto.- Posteriormente o Sr. Luis Vázquez Pose, achégase en escrito rexistrado de entrada na data 26 de setembro de 2016, (Rexistro de entrada nº 12.438):


· Informe emitido pola Demarcación de Costas de Galicia en relación á demolición parcial de vivenda unifamiliar no lugar de Insuela, Riveira, asinado polo xefe de la Demarcación de Costas p.a. o xefe de Servizo de Ostión de Dominio Público Marítimo- Terrestre Ignacio Pardo de Vera Moreno no que informan o seguinte:


“
(...)

En vista de los planos adjuntos al escrito del interesado, la dependencia de la vivienda que se encuentra íntegramente fuera de la zona de servidumbre de protección, en la cual en la actualidad hay un dormitorio y un baño, según se puede observar en el plano A-01 sobre el estado actual de las plantas de la vivienda del proyecto de reforma y ampliación de la vivienda, de octubre de 2014, se demolería, y se retiraría un portal que hay en su parte posterior. En su lugar se construiría un garaje que quedaría anexo al resto de la vivienda, con una pared exterior propia. A su vez, y no habría ninguna puerta de acceso entre la vivienda, que es la edificación existente y esa nueva, que sería el garaje a construir.

En ese supuesto, pasaría a haber dos unidades edificatorias estructural y funcionalmente independientes: una sería la vivienda, que estaría en su mayor parte dentro de la zona de servidumbre de protección, y otra el garaje, que se ubicaría en su totalidad fuera de dicha zona de servidumbre.

En consecuencia, y sin perjuicio de lo que decidan a ese respecto esa Consellería y el Ayuntamiento, esta Demarcación entiende que el garaje sería una nueva construcción, cuya autorización no estaría regida por lo establecido en la disposición transitoria cuarta de la Ley de Costas, al tratarse de una edificación independiente de la vivienda que estaría ubicada fuera de la zona de servidumbre de protección.





Se adjunta copia del informe emitido a ese Servizo el 07/07/2016 y la documentación presentada por el peticionario.

(...)

“

· Resolución emitida polo Servizo de Urbanismo, Delegación Territorial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Ordenación do Territorio asinado polo xefe de sección Jorge Veiga Lendoiro e pola xefa do servizo Helena Mosquera García no que informan o seguinte:

“

(...)

Considera a Demarcación que nese caso pasaría a haber dúas unidades edificatorias estrutural e funcionalmente independentes estando o garaxe totalmente fóra da servidume de protección, que en consecuencia non estaría afectado pola Lei de Costas, non sendo de aplicación a disposición transitoria décimo cuarta, punto 3 que establece, en desenvolvemento do apartado 2 da disposición transitoria cuarta da Lei 22/1988 do 28 de xullo, é de aplicación á totalidade da unidade edificatoria, independentemente da parte da construción sobre a que se pretenda actuar. A actuación sobre unha parte non implicará o recoñecemento da legalidade do resto da unidade parceira.


Tendo en conta que a Demarcación de Costas resulta competente para unha correcta interpretación dunha norma que foi promovida pola Administración do Estado, as obras de demolición e construción do garaxe situado integramente fóra da zona de servidume de protección, non inciden no ámbito competencial desta administración autonómica, estando sometidas unicamente á obtención do correspondente título habilitante de competencia municipal, sen prexuízo da aplicación de outras normas sectoriais que estivesen afectadas.


(...)

“

Quinto.- Posteriormente polo Sr. Luis Vázquez Pose, preséntase, en escrito rexistrado de entrada na data 23 de novembro de 2016, (Rexistro de entrada nº 15.289), Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016 redactado por Sergio Lucio Paniccia para adxuntar ao expediente.

Sexto.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 7 de decembro de 2016 no que sinala que deben realizarse determinadas correccións no proxecto para axustarse ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e do Planeamento Municipal.





Sétimo.- En escrito rexistrado de entrada na data 21 de febreiro de 2017, (Rexistro de entrada nº 2.775), o Sr. Luis Vázquez Pose, presenta Declaración Responsable presentada ante Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, (Rexistrado de entrada da Xunta nº 19779 / 382842), Anexo aclaratorio do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016 consistentes en Plano AA-00, Plano AA-01 e Plano AA-02 modificados de febreiro de 2017.

Oitavo.- En escrito rexistrado de entrada na data 10 de marzo de 2017, (Rexistro de entrada nº 3.931), o Sr. Luis Vázquez Pose presenta Acordo de adose asinado na data 8 de marzo de 2017.

Noveno.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 6 de marzo de 2017 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e do Planeamento Municipal facendo constar que:

“

(...)

Se consideran subsanadas las deficiencias que se detectaron en el informe emitido por Alberto Iglesias Fungueiriño en relación a la solicitud de licencia de obras para la reforma y ampliación de vivienda unifamiliar en Insuela.

Se informa favorable la demolición y la construcción solicitada. Deberá establecerse la fianza para obras de urbanización del frente de parcela.


(...)


“

Décimo.- Asimesmo a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 6 de marzo de 2017 emite informe en relación a valoración da fianza para responder polos servizos urbanísticos a completar pola reforma da vivenda unifamiliar onde sinala un importe de fianza de 686,07 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-B RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**, comprendida en **ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE**, *(a vivenda está na súa maior parte dentro da zona de servidume de protección, e outra o garaxe, que se ubicaría na súa totalidade fóra de dita zona de servidume).*





Segundo.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Terceiro.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.


As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de outubro de 2014, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016, Anexo aclaratorio do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016 consistentes en Plano AA-00, Plano AA-01 e Plano AA-02 modificados de febreiro de 2017 redactados polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia, Acordo de adose asinado na data 8 de marzo de 2017, Informe emitido pola Demarcación de Costas de Galicia en relación á demolición parcial de vivenda unifamiliar no lugar de Insuela, Riveira, asinado polo xefe de la Demarcación de Costas p.a. o xefe de Servizo de Xestión de Dominio Público Marítimo - Terrestre Ignacio Pardo de Vera Moreno, Resolución emitida polo Servizo de Urbanismo, Delegación Territorial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinado polo xefe de sección Jorge Veiga Lendoiro e pola xefa do servizo Helena Mosquera García, Declaración Responsable presentada ante Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Rexistrado de entrada da Xunta nº 19779 / 382842).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.





Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Quinto.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Sexto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Na primeira solicitude presentada polo Sr. Luis Vázquez Pose no Concello na data 29 de outubro de 2014, (Rexistro de entrada nº 13.214) adxuntado *Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de outubro de 2014 redactado polo arquitecto Sergio Luccio Paniccia é informado desfavorablemente* polo Servizo de Urbanismo, Delegación Territorial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Ordenación do Territorio asinado polo xefe de sección Jorge Veiga Lendoiro na data 21 de novembro de 2011 *por considerar como a dúas construcións existentes* (unha atópase dentro e a outra fóra da zona de servidume) *como unha unidade edificatoria independetemente da parte da construción sobre a que se pretende a actuar.*

Polo anterior o Sr. Luis Vázquez Pose, presentano Concello en escrito rexistrado de entrada na data 23 de novembro de 2016, (Rexistro de entrada nº 15.289), Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016, que contempla *dúas unidades edificatorias estrutural e funcionalmente independentes estando o garaxe totalmente fóra da servidume de protección, que en consecuencia non estaría afectado pola Lei de Costas, non sendo de aplicación a disposición transitoria décimo cuarta, punto 3, e ao que se refire á vivenda incluída no ámbito da servidume de protección autotorízase obras de reforma sen aumento de volume nos termos da* Declaración Responsable presentada ante Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, (Rexistrado de entrada da Xunta nº 19779 / 382842).






Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 6 de marzo de 2017, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 6 de marzo de 2017, visto o Informe emitido pola Demarcación de Costas de Galicia en relación á demolición parcial de vivenda unifamiliar no lugar de Insuela, Riveira, asinado polo xefe de la Demarcación de Costas p.a. o xefe de Servizo de Xestión de Dominio Público Marítimo - Terrestre Ignacio Pardo de Vera Moreno, vista a Resolución emitida polo Servizo de Urbanismo, Delegación Territorial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinado polo xefe de sección Jorge Veiga Lendoiro e pola xefa do servizo Helena Mosquera García, vista a Declaración Responsable presentada ante Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Rexistrado de entrada da Xunta nº 19779 / 382842), da documentación obrante no expediente, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/03/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Luis Vázquez Pose **LICENZA DE DEMOLICIÓN PARCIAL DE 14,15 M²** de edificación existente e **CONCEDER LICENZA DE OBRAS (Nº 9/17)** para **REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR** e **CONSTRUCCIÓN DE ANEXO INDEPENDENTE** sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007008090000KA, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016ª sí como do Anexo aclaratorio do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de novembro de 2016 consistentes en Plano AA-00, Plano AA-01 e Plano AA-02 modificados de febreiro de 2017 redactados polo arquitecto Sergio Luccio Paniccia:

- *Deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 686,07 € en metálico ou mediante aval bancario.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.


Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:





- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza





municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista”.

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu*





destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **María López Rodríguez e Antonio Dos Santos Pacheco**, de data 10/11/2016 (Rexistro de entrada nº 14.795), no que solicita certificación de non infracción urbanística en relación á vivenda unifamiliar sita en parcela con refª catastral nº 15074A052008980000KU no Lugar de Balieiros, Corrubedo (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 13/03/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar aos solicitantes como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte vivenda unifamiliar construída ao amparo da licenz ade obras nº 354/02 *concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 5 de setembro de 2002*, sita en parcela con refª catastral nº 15074A052008980000KU no Lugar de Balieiros, Corrubedo, Riveira, propiedade da Sra. María López Rodríguez e Sr. Antonio Dos Santos Pacheco.

2.- Visto o escrito presentado por **Natalia Abad Lustres**, de data 24/02/2017 (Rexistro de entrada nº 3.069), no que solicita información urbanística de parcela sita en Bouza Vella de Abaixo, Oleiros (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 16/03/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:


Ref. catastral: 15074A042005900000KW
Categoría solo: Rústico Común

Según la Disposición Transitoria Primera de la LEY 2/2016, do 10 de febrero, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas: Al suelo rústico se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo rústico.


Artigo 32. *Facultades e deberes dos propietarios en solo rústico*


1. Los usos y las actividades admisibles en suelo rústico serán los siguientes:





- a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes y rellenos.
- b) Muros de contención, así como vallado de fincas.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes.
- d) Campamentos de turismo e instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, de carácter público o privado, de uso individual o colectivo, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso de que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares y divulgativas.
- f) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre.
- g) Construcciones e instalaciones agrícolas en general, tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos.
- h) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones apícolas.
- i) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal.
- j) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura.
- k) Actividades e instalaciones comprendidas en el ámbito de la legislación minera, incluidos los establecimientos de beneficio, y pirotecnias.
- l) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de estas, así como las estaciones de servicio.
- m) Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.
- n) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera.
- ñ) Construcciones de naturaleza artesanal o de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primera transformación, almacenamiento y envasado de productos del sector primario, siempre que guarden relación directa con la naturaleza, extensión y destino de la finca o explotación del recurso natural.
- o) Construcciones y rehabilitaciones destinadas al turismo que sean potenciadoras del medio donde se ubiquen.
- p) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones públicos o privados.





q) Otros usos análogos que se determinen reglamentariamente y coordinados entre la legislación sectorial y la presente ley.

2. Los restantes usos en suelo rústico son usos prohibidos.

Artículo 36. Régimen de usos.

1. Los usos y actividades relacionados en el artículo anterior son admisibles en cualquier categoría de suelo rústico, sin perjuicio de lo dispuesto en los instrumentos de ordenación del territorio y, en su caso, previa obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística.

2. En todo caso, en el suelo rústico de especial protección será necesario obtener la autorización o informe favorable del órgano que ostente la competencia sectorial correspondiente con carácter previo a la obtención del título habilitante municipal o autorización autonómica en los casos en que esta fuese preceptiva según lo dispuesto en el número siguiente.

3. Los usos contemplados en las letras n) y ñ) del artículo anterior habrán de ser objeto de la autorización de la persona titular del órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridad a la obtención del título habilitante municipal.

4. Los usos contemplados en las letras o) y p) del artículo anterior requerirán la aprobación de un plan especial de infraestructuras y dotaciones, salvo que la actuación pudiera encuadrarse en lo dispuesto en el artículo 40 para las edificaciones existentes de carácter tradicional. En caso de implantarse en suelo rústico especialmente protegido, será preciso obtener la autorización o informe favorable del órgano sectorial correspondiente.

5. Asimismo, podrán implantarse en suelo rústico aquellos usos previstos en los instrumentos de ordenación del territorio, previa obtención del título municipal habilitante y sin necesidad de autorización urbanística autonómica.


Artículo 37. Limitaciones de apertura de caminos.

1. En el suelo rústico no está permitida la apertura de caminos que no estén expresamente contemplados en el planeamiento urbanístico o en los instrumentos de ordenación del territorio, salvo en el caso de los caminos rurales contemplados en los proyectos aprobados por la administración competente en materia de agricultura, minas, montes o medio ambiente.

2. Las nuevas aperturas de caminos habrán de adaptarse a las condiciones topográficas del terreno, con la menor alteración posible del paisaje y minimizándose o corrigiéndose su impacto ambiental.

3.- Visto o escrito presentado por **Francisco Brión Pego**, de data 16/03/2017 (Registro de entrada nº 4.424), no que solicita información urbanística de parcelas sitas en Igrexa, Olveira (Riveira).





A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 17/03/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastrais: 15074A048000950000KW - 15074A048000970000KB

Solicítase informe sobre si as fincas arriba indicadas están incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016).

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, as fincas están clasificadas como Solo Rústico de Protección Forestal, polo que se pode afirmar que cumpre o citado artigo da Lei do Solo de Galicia

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON MANUEL GARCÍA GONZÁLEZ POR DANOS PRODUCIDOS NUNHA MOTO POR MOR DOS TRABALLOS DE PINTURA DO VIAL DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO.


Expediente RP 17/2016.


Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Don Manuel García González**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/08/2016 co número 10.133, don Manuel García González, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polos danos sufridos o día 03/08/2016 nun vehículo da súa propiedade, como consecuencia dos traballos de pintura da rúa Rosalía de Castro.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 27 de setembro de 2016, resolverse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento





para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Riveira. Así mesmo, comunicase ao interesado que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 139 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 6.1 do Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, xa que non acredita a titularidade do vehículo danado nin a valoración económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 27 de setembro de 2016, foi practicada ao reclamante na data 30 de novembro do 2016.

Cuarto.- Á data de emisión desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do reclamante se procedera á emenda do referido requisito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.- Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.- O artigo 71 da Lei 30/1992 dispón que: *“Si a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requírirase ao interesado para que, nun prazo de dez días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42.”*

Cuarto.- No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ao interesado, coa indicación esixida no artigo 71 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.





Quinto.- O artigo 42 da Lei 30/1992, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de reolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/03/2017, a Xunta de **Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Ter por desistido da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a don Manuel García González, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 04/08/2016, co número 10.133, e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 27/09/2016, notificado na data 30/11/2016. Todo elo, de conformidade cos artigos 42.1, 71.1 e 139 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 6.1 do Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

XII.- VAOS PERMANENTES.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada dos escritos remitidos polo **Servizo de Recadación – Unidade Central Recadación Executiva da Deputación da Coruña**, de datas 02/03/2017 (Rexistros de saída nº 3.483 e 3.486), rexistrados de entrada en data 15/03/2017 cos nº 4.313 e 4.314, nos que solicita a emisión de informes referidos á previsible utilidade da adxudicación de bens a favor de ente acreedor. Expedientes nº 2008EXP35028350 e 2011EXP35006775.

2.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido polo **Servizo Provincial de Recadación – Zona 03 Santiago-Riveira-Arzúa-Ames da Deputación da Coruña**, de data 13/02/2017, rexistrado de entrada en data 17/02/2017 co nº 2.627, no que solicita a emisión de informe referido á previsible utilidade da adxudicación de bens a favor de ente acreedor. Expediente nº 2011EXP35002004.





3.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU URXENCIA SOCIAL.

Vista a **proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade**, M^a Esther Patiño Rey, de data 20/03/2017, relativo á adhesión ao convenio de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, de data 16/03/2017, coñecedor da realidade social deste municipio, e o convenio da FEGAMP para coordinar o pagamento de axudas económicas para débedas xeradas co motivo da subministración de electricidade e/ou gas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:


- a) Aprobar a adhesión do Concello de Riveira ao convenio de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais.
- b) Adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos polas entidades locais.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral acctal., dou fe e certifico.


Riveira, 23 de marzo de 2017

Dou fe, o secretario xeral acctal.

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas



José Martínez de Llano Orosa
(Decreto de substitución 23/03/2017)

